



**Dña Rocío Mosquera Álvarez**

**ConSELLERÍA DE SANIDADE**

Edificio administrativo de San Lázaro

15781-Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 24 de Febreiro de 2015

**CARTA DAS SOCIEDADES CIENTÍFICAS MÉDICAS E DE ENFERMARÍA DE ATENCIÓN PRIMARIA  
EN RELACIÓN COA ESPECIALIDADE DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA.**

Estimada Sra. Conselleira:

A Conferencia de Alma Ata (Kazajistán. Setembro de 1978) propiciou no noso país o desenvolvemento da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria (R.D. 2015/78), comezando a partires de 1983 unha paulatina incorporación de especialistas ás incipientes estruturas básicas de saúde (R.D. 137/84). Ninguén pode por en dúbida que esta aposta xunto coa gran inversión para dotar á atención primaria de saúde tanto de recursos humanos coma de equipamentos en todo o Estado, favoreceu que o Sistema Público de Saúde sexa, a día de hoxe, un orgullo para tódolos españoles e un referente para os demais países desenvolvidos, e que contribuíu a situar a España coma un dos países con maior esperanza de vida do mundo.

Mediante a Orde SAS/1729/2010, aprobouse o programa formativo da especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria, incorporándose Galicia en 2011 ao grupo de comunidades autónomas que forman especialistas. Actualmente contamos na nosa comunidade autónoma con preto de 70 enfermeiros e enfermeiras especialistas que remataron ou están a piques de rematar un esixente programa formativo, tutorizados por profesionais altamente cualificados, que están totalmente desaproveitados, ao tempo que se seguen a formar cada ano máis especialistas sen ningunha posibilidade de poñer o seu coñecemento ao servizo dos cidadáns.

Nunha sociedade na que o patrón epidemiológico e sociológico está mudando aceleradamente condicionado polo envellecemento da poboación e a baixa natalidade, é necesario implementar cambios no primeiro nivel da cadea asistencial que é a atención primaria.

En tódolos foros de debate, reunións científicas ou tratados nos que se aborda a cronicidade ou os problemas de saúde relacionados coa infancia e a adolescencia, proponse á enfermería de atención primaria como un colectivo esencial na educación dos cidadáns, pero tamén na xestión ao longo de todo o proceso de saúde/enfermidade, dende o nacemento ata a morte, dende o domicilio ao hospital e no seguimento no retorno ao seu domicilio.


Como vostede sabe, na actualidade hai patoloxías con unha alta prevalencia que conforme evolucionan co paso do tempo provocan descompensacións e frecuentes ingresos hospitalarios (diabete, IC, EPOC, Cardiopatías....., tal como se recolle no documento

*"Estratexias Sergas 2014"*), que requieren dun especial seguimento para minimizar o impacto económico e social que supón un ingreso ou reingreso hospitalario. Para afrontar esta situación necesitanse profesionais motivados, altamente cualificados e co tempo necesario para desenvolver accións de prevención, educación e seguimento das persoas con estas patoloxías, tanto no centro de saúde coma no domicilio no caso daqueles que teñan dificultades de mobilización ou, de ser necesario, valorar e facer o seguimento no seu entorno.

O actual modelo de xestión de persoal de enfermaría, no que unha enfermeira hoxe está nunha unidade de lactantes, ou de traumatoloxía, ou de cirurxía, e ao día seguinte nun centro de saúde e viceversa, parte do suposto erróneo de que os profesionais de enfermaría teñen un coñecemento omnímodo das ciencias da saúde, unha adaptabilidade que non está ao alcance de ningún outro profesional, ou o que é mais grave, que se descoñeza cal é ou cal debe ser o cometido dunha enfermeira nun ou outro nivel asistencial, semella non ser o adecuado. É imprescindible que os xestores da sanidade se dean conta de que o actual modelo de xestión de recursos humanos de enfermaría ten, necesariamente, que mudar a un novo escenario como o fixo o médico fai trinta e cinco anos para adaptarse as necesidades que demandaba a sociedade naquel momento. Agora tócalle a enfermaría, que non pode soportar por mais tempo o coñecido dito *"unha enfermeira vale para todo"*, e ao mesmo tempo responsabilizala de que non se acaden resultados en saúde por falta de coñecementos, implicación ou compromiso.

Por todo iso, as sociedades abaixou asinantes PEDÍMOSLLE:

Que sen mais demora, implemente as accións necesarias para facilitar a inserción laboral destes profesionais especialistas en Enfermaría Familiar e Comunitaria no ámbito laboral paro o que se formaron coma necesaria resposta as actuais esixencias en saúde da sociedade e como recurso imprescindible para acadar os obxectivos dos distintos plans desa Consellería (*Estratexia Sergas 2014. Plan de Prioridades Sanitarias 2014-2016*).




**Asinado: Manuel V. Fernández Fernández**

Presidente. Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria (AGEFEC)




**Asinado: Sergio Cinza Sanjurjo**

Presidente. SEMERGEN Galicia



**Asinado: José Carlos Bastida Calvo**

Presidente. SEMG Galicia



**Asinado: Jesús Sueiro Justel**

Presidente. AGAMFEC